**ACTA DE APERTURA DO SOBRE "C" DENOMINADO "PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS AVALIABLES DE FORMA AUTOMÁTICA" DO SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as 12:00 horas do día 27 de xullo de 2017, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do **SERVIZO PARA A XESTIÓN E IMPARTICIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS NA AULA CEMIT DE REFERENCIA DO CONCELLO DE AMES.**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

**Jose M. Miñones Conde,** Alcalde e responsable da Área de Reforma Administrativa.

**Vogais:**

**Rosa Ana Prada Queipo,** Secretaria municipal.

**M. Carmen Castro Doldán**, Interventora accidental municipal.

**José Rogelio Pardo Martínez**, Xefe do Servizo de Contratación.

**Secretaria:**

**M. Isabel Quintáns Ríos**, Auxiliar Administrativa do Departamento de Contratación

Asisten, segundo manifestan, M. Socorro Creo Fernández en representación da empresa licitadora AXOUXERE, e José Negreira Suárez en representación da empresa licitadora OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.

Previa lectura dos preceptos legais e demais particulares do expediente, a secretaria por indicación do presidente da mesa, procede a dar lectura ao informe emitido polo técnico Informático da Área de Reforma Administrativa, Miguel A. Díaz Aviñoa.

Dita valoración (puntuada cun máximo de 25 puntos) acadou o seguinte resultado:

| Empresa | Puntuación |
|---|---|
| AXÓUXERE DEPORTE Y ANIMACIÓN S.L. | 14 |
| CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. | 12 |
| IBÉRICA SOLUCIÓNS FORMATIVAS, S.L. | 0 |
| OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. | 20 |

O tipo de licitación máximo para estes traballos establecese en:

| | |
|---|---|
| **Prezo/hora/actividade** | **14,31 €uros** |

A continuación procedese a apertura dos "Sobres C", denominados "Proposición económica. Criterios avaliables de forma automática", que conteñen a proposta correspondente aos criterios avaliables mediante aplicación dunha formula, obténdose o seguinte resultado:

C.I.F.: P – 1500200 – I

| Empresa | Prezo/hora docencia | Nº horas/curso a maiores (sen custo adicional) |
|---|---|---|
| AXÓUXERE DEPORTE Y ANIMACIÓN S.L. | 12,61 € | 100 |
| CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. | 12,88 € | 100 |
| IBÉRICA SOLUCIÓNS FORMATIVAS, S.L. | 13,48 € | 100 |
| OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. | 10,80 € | 100 |

A continuación procédese ao calculo da puntuación correspondente á documentación do Sobre C, "Proposición económica. Criterios avaliables de forma automática"

Outorgarase a máxima puntuación (35 puntos) a oferta económica que presente a maior baixa con respecto ao orzamento máximo de licitación, e o resto de forma proporcional. Asimesmo outorgarase 0,10 puntos por cada hora de curso a realizar na Aula CEMIT sen coste adicional para o concello, cunha puntuación máxima de 10 puntos.

Dos cálculos efectuados, obténse o seguinte resultado:

| EMPRESA | Prezo/ hora | Importe contrato | Baixa | % baixa | Puntuación Oferta económica | Nº horas cursos ofertados sen coste | Puntuación Mellor oferta educativa | Puntuación total Criterios Obxectivos |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| AXÓUXERE DEPORTE Y ANIMACIÓN S.L. | 12,61 € | 35.862,84 € | 4.834,80 € | 11,88% | 16,95 | 100 horas | 10 | 26,95 |
| CAMPA FORMACIÓN E INTERVENCIÓN SOCIOEDUCATIVA, S.L. | 12,88 € | 36.630,72 € | 4.066,92 € | 9,99% | 14,25 | 100 horas | 10 | 24,25 |
| IBÉRICA SOLUCIÓNS FORMATIVAS, S.L. | 13,48 € | 38.337,12 € | 2.360,52 € | 5,80% | 8,28 | 100 horas | 10 | 18,28 |
| OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS, S.L. | 10,80 € | 30.715,20 € | 9.982,44 € | 24,53% | 35 | 100 horas | 10 | 45 |

Tras o estudio e análise das ofertas económicas puidose comprobar a existencia de elevados porcentaxes de baixa presentados polos licitadores e o obxecto de comprobar se existen ofertas económicas que poidan considerarse desproporcionadas ou anormais, despois de realizar os cálculos (co programa da Deputación deseñado para este fin) das medias aritméticas das ofertas presentadas, obsérvase que a proposición presentada pola empresa Osventos Innovación en Servizos, S.L., que ofertou unha baixa do 24,53 % está considerada como desproporcionada e anormal **(ver cadro de valoración do programa da Deputación adxunto)**. Á vista deste feito e tendo en conta o establecido no apartado 20.6 dos pregos de cláusulas administrativas, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros presentes **ACORDA:**

**Primerio.-** Dirixir escrito vía fax á empresa Osventos Innovación en Servizos, S.L concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que xustifique ante a mesa de contratación a baixa ofertada, acompañando para elo a documentación que estimen necesaria para a devandita xustificación. En todo caso, deberán ter en conta o estipulado no artigo 152.3 do RDL 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da lei de contratos do sector público.

**Segundo.-** Que a mesa se reunirá novamente para puntuar as ofertas económicas unha vez que polos servizos técnicos se emita o informe sobre a documentación xustificativa da baixa que presente o licitador.

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e quince minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretaria da mesma, certifico

# PROGRAMA DE VALORACIÓN DE OFERTAS ECONÓMICAS EN CONTRATOS E CONCURSOS

Manual de usuario [PDF] | Fórmula [PDF]

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do seu prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluindo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001).

USC

*Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela - Ano 2010*

Exportar datos | Examinar... No se ha seleccionado ningún archivo. | Recuperar datos

Paso 1 | Paso 2 | Paso 3 | Paso 4

## Táboa de resultados: Valoración Técnica e da Redución de Prazos, Valoración Económica e Valoración Total

Na seguinte táboa aparecen as valoracións das ofertas. Resáltase en cor verde a(s) oferta(s) mellor valorada(s) e en cor vermella as ofertas temerarias. Para imprimir correctamente os resultados, configure previamente unha páxina horizontal.

**Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso**

**AULA CEMIT**

| Prezo de Licitación | Puntuación Máxima | Oferta Media | Oferta Media (excl. ofertas extremas) | Límite Oferta Temeraria |
|---|---|---|---|---|
| 40,697.64 € | 35 puntos | 35,386.47 € | 35,386.47 € | 31,847.82 € |

| Nº Empresa | Nome Empresa | Oferta Económica | Baixa (%) | Puntuación Paso 2 | Puntuación Valoración Económica | Temeraria | Excluídas da Media | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | CAMPA | 36,630.72 | 9.99 | 12.00 | 15.60 | Non | Non | 27.60 |
| 2 | OSVENTOS | 30,715.20 | 24.53 | 20.00 | 35.00 | Si | Non | 55.00 |
| 3 | AXOUXERE | 35,862.84 | 11.88 | 14.00 | 18.55 | Non | Non | 32.55 |
| 4 | IBERICA | 38,337.12 | 5.80 | 0.01 | 9.06 | Non | Non | 9.07 |

Imprimir